



A CULTURA POPULAR DA ILLA DE ONS “AS POSTAS DOS CORVOS OU GRALLAS”

Por: Celestino Pardellas de Bias

A MODO DE INTRODUCCIÓN

Non sabemos en que ano quedou baleira a Illa de Ons antes de 1810, o que si coñecemos, pola documentación que vai saíndo paseniñamente, é que, antes dese ano, os seus habitantes, tanto fixos como esporádicos, dedicábanse exclusivamente á agricultura e gandaría.

No 1810 xurde unha nova repoboación, provocada pola necesidade de defender a costa pontevedresa de incursións marítimas e, á Illa, acoden xentes das costas próximas á chamada de traballo para a construción dunhas baterías de defensa.

Estas obras non chegaron a realizarse na súa totalidade, aínda que os obreiros estiveron en Ons “contratados” durante tres anos. Neste tempo, con períodos de descanso máis ou menos longos por falla de presuposto e quizais tamén polas posibilidades e facilidades que nun principio daba o propietario¹ e a persoa que se fixo co maior número de Accións de Primeira Clase² para usufrutuar as terras illáns, provocou que eses primeiros obreiros, pagando un módico alugueiro, nun principio, aos accionistas, comezaron a cultivar as terras e a traer ás súas familias, sobre todo, aqueles que non tiñan no continente posibilidades, iniciando unha nova vida na Illa que vai chegar ata os nosos días.

Á vez, o maior “propietario“ en accións e á espera de ver como se desenvolvía o tema político para emprender algún tipo de negocio na Illa³, comezou a dividir as terras que adquirira e a alugalas a aquelas persoas do continente que quixeran cultivalas, chamada á que acudiron un bo número de familias agricultoras, con dificultades nos seus lugares de orixe, para traballalas. De aí o nacemento dunha nova comunidade agrícola – gandeira na Illa de Ons.

Atopámonos logo cunha comunidade agrícola que para pagar o alugueiro, construír a súa vivenda e mercar o gando necesario para alimento e traballo das terras, agás aqueles que dispoñían no intre de vir dalgún aforro, os demais teñen que sacalo das terras que van a cultivar. Os propietarios esixen uns cultivos prioritarios para o cobro da renda agrícola, e estes van ser o millo e o centeo.

Estes novos agricultores ven na Illa o fin das penalidades que estaban a pasar no continente pero, á vez, vanse a atopar cun enorme traballo para sacar rendemento ás terras e poder afrontar a súa precaria economía. Vai ser coa instalación na Illa dunha fábrica de salga arredor do 1837 e coa chegada de mariñeiros a vender e á vez comprar, nun primeiro intre, produtos agrícolas, o que vai a traer un respiro á difícil economía illán.



Ata hai ben pouco, a Illa tiña todas as súas terras dedicadas a cultivo, pasto ou monte para estrume.
Foto: terras ao norte do Faro, todas cultivadas.

¹ Con moitas incógnitas a dilucidar, o propietario era meses intres o Arcebispado, a quena Xunta de Armamento se dirixiu para solicitar permiso para levar a cabo as obras.

² Accións de Primeira Clase. Defensa e Arcebispado chegaron a un acordo para dividir a Illa en zonas de cultivo (Accións). Quen quixera facerse con elas tiñan que pagar un canon.

³ Francisco Genaro Ángel, o maior accionista, era un capitalista pontevedrés que, entre outros negocios, contaba con fábricas de salga na península do Morrazo.

A agricultura nunca foi deixada de lado aínda que a pesca comezaba a dar os seus primeiros pasos entre os homes illáns a partires da salga. A renda tiveron que pagala, case obrigatoriamente, en produtos agrícolas ata que Didio Riobó se fixo cargo da Sociedade montada polo seu pai dedicada á comercialización de polbo e congro, que, preferentemente, quería o pago en cartos, aínda que deixando sempre a porta aberta aos máis necesitados ou que precisaban os cartos para algunha transacción, para que o seguiran facendo en produtos agrícolas.

Con este panorama, temos que entender que a necesidade de sacar as colleitas arriba era necesaria e obrigatoria, polo que o coidado dos terreos e cultivos convertíase nunha prioridade. Por unha banda tiñan uns campos amplos e produtivos, pero tamén moitos inimigos, principalmente as posibles pragas, as secas e os animais depredadores, en especial os corvos ou grallas, que daban boa conta das colleitas de millo.

LOITA CONTRA OS CORVOS OU GRALLAS

O coidado das plantacións era prioritario e un dos seus peores inimigos eran os corvos, sobre todo nas plantacións de millo e centeno. Todos colaboraban na loita contra estes animais, sendo principalmente os máis cativos os que levaban o traballo.

O home ía ao mar e a muller tiña todas as faenas da casa que, nunha Illa como Ons e ata hai ben pouco, se multiplicaban nunha vivenda sen luz, auga corrente, sen baños,..., o que obrigaba a ir por auga as fontes, algunhas a unha boa



Artefacto construído polo Ruso para espantar os corvos



Espantallo feito cun traxe de augas vello suxeito por un pau

distancia das casas, lavar a roupa nos lavadoiros e tendela, facer a comida, ir pola compra máis necesaria,..., atender aos animais, levalos ao monte,..., e ata algunhas a realizar traballos fóra da súa casa. Con estas premisas, aínda que en Ons todos axudaban cando podían, eran os rapaces os encargados do labor de espantar aos corvos das colleitas, tendo, nas épocas cando o millo estaba a punto, que deixar de ir á escola para poder realizar ese traballo que, por outra parte, a maioría das veces, facían encantados.

En Ons, como en calquera outra aldea de Galicia, buscaban diferentes formas de espantalos. Os espantallos deberon ser os primeiros. En Ons eran moi rudimentarios, utilizaban traxes de auga xa vellos, aínda que a algúns poñíanlle outras roupas e ata, por iso de darlle máis respecto, chegaban a vestilos coa roupa que trouxeran da mariña, pero parece ser que non daban resultado.

Probaron con outros métodos, como algúns artefactos fabricados con paus, ferros, latas,..., que a modo de muíño e coa axuda do aire ou vento facían ruído, pero tampouco funcionaron. Latas penduradas de paus e con pedriñas dentro para facer ruído, pero non sempre había o suficiente vento como para movelas. Chegaron a colgar de paus corvos mortos, pero de nada serviu. E ata a mediados dos anos 70 s.XX cando xa poucas terras se cultivaban xa, un fareiro, que lle facía as beiras a unha rapaza da Illa, fabricoulle á súa familia un canón que ao prendela mecha estoupaba facendo un estrondo tremendo, que si facía fuxir ás grallas, pero chegou tarde e quizais as administracións posteriores non lle deixarían utilizalo.

Estaba claro, o único método eficaz era a presenza do ser humano que cos seus berros, movementos, lanzamento de pedras,..., e aínda que era un traballo incómodo, esgotador e ás veces, se estabas só, aburrido, era o que daba mellores resultados.

Como dixen, eran os rapaces/as @s encargad@s de levalo a bo porto. Cando o millo aínda era baixo, tan pronto vían aos corvos pousarse sobre el, comezaban a berrar e correr cara ao lugar onde estaban. Se o terreo era pequeno, levaban pedras no peto e á vez que berraban guindábanlle pedras. Xa, cando tiñan unha idade os seus pais deixábanlles levar a fonda

coa que alcanzaban máis lonxe e podían controlar máis zona cultivada aínda que non fóra da súa familia.

Se había sorte se xuntaban varios rapaces para vixiar, entón si que había troula, pois o seu xogo era ver quen tiña mellor puntería mesmo lanzando os croios coa man ou coa fonda. Recordo a Manoliño que me dicía: *“Basta que estiveramos varios e quixeramos probar puntería coas grallas, para que non aparecera ningunha e outras veces que estabas só ou non tiñas nada que tirarlle, viñan a centos e alí me tiñas a berrar coma un tolo”*. De todos os xeitos o emprego da fonda para eles era todo un acontecemento e co seu uso competindo entre eles a ver que chegaba máis lonxe, mirar se lle daban a algo que puxeran nun lugar determinado,..., collían unha grande habilidade con ela que despois traía os seus froitos á hora de usala para o seu cometido


POSTAS DOS CORVOS OU GRALLAS

Interesante é o relato que algunhas veciñas me contaron, conforme as <postas> que tiñan para observar e espantar aos corvos. Cando o millo estaba aínda baixo, non ían a elas, pero cando crecía máis que a súa altura, víanse obrigadas a subir a zonas altas ou ás súas <postas> para poder observar todo o terreo e dende alí berrar ou guindar os croios cando se achegaban.

Nena Illán na súa <posta> en Chan da Pólvora.
1978 Foto realizada por Fernando Alonso Romero.



<Posta> da zona de Pereiró, Saíu á luz despois da limpeza realizada no ano 2018



Cesáreo aínda garda unha fonda das que utilizaba, e ás veces aínda utiliza, para espantar os corvos. Comenta que chegou a ter unha grande puntería con ela

A <posta> era un con ou pedra alta que había preto dos campos de cultivos e a ela subían para dominar ben toda a zona e dende ela poder axexar e espantar aos córvidos.

Para Fernando Alonso Romero, algunha desas rochas poderían, pola súa forma, ser utilizadas nalgún tempo pretérito para certos tipos de ritos, por mor da posición que ten cada unha con respecto ao sol, ao castro e mesmo aos petróglifos de Ons.

Outro comentario interesante, foi o que me fixo Juanita (daquela, 1980, contaba con 70 anos), dicindo que; *“Os corvos sabían con que tipo de berro tiñan que fuxir porque despois del viña o croio”*. Referíase a que cando lanzaban coa fonda ou coa man as pedras, gritaban, e debían facelo sempre co mesmo berro ou coas mesmas palabras, e os corvos deberían asociar ese berro e a caída da pedra. Segundo dicía: *“As veces berrabas igual e non lanzabas nada e escapaban tamén. Pero se berrabas doutro xeito, non marchaban”*.

Dúas ventás abertas para a investigación a realizar por persoas cualificadas e que daría a coñecer unha parte importante da historia e da cultura popular desta Illa que está a piques de desaparecer.

De novo repetir que hoxe en día poucas persoas illáns poderían contarnos historias como estas e, pola falla de investigación, tampouco teremos a oportunidade de lela nos libros.

Dende aquí un novo berro, esta vez, ás administracións que xestionan o Parque e Ons en particular, para que patrocinen estes estudos dando as facilidades que fagan falla aos investigadores.